Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concellorianxo**.gal**

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2018/16

DATA: venres 28 de decembro de 2018

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:00 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTÁNS
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO
MARÍA JESUS GALBÁN TEIJEIRO
PSdeG-PSOE
MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARTÍN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENTES

BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
PP
MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS
Rianxo en Común-SON
ANTONIO CASTRO CASTRO

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 13/2018 do Pleno en sesión ordinaria do 29/11/2018 e Aprobación Acta nº 14/2018 do Pleno en sesión extraordinaria urxente do 20/11/2018

Este documento electrónico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concellorianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

2. Aprobación acta nº 15 do Pleno extraordinario de 13 de decembro de 2018
3. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
4. CONVENIO PROXECTO PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DE FERRO
5. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000016 e identificado pola pegada dixital:

**-372678527**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX**

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

## 1 APROBACIÓN ACTA Nº 13/2018 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 29/11/2018 E APROBACIÓN ACTA Nº 14/2018 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 20/11/2018

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 13/2018 de 29/11/2018.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/11/2018, Acta nº 13/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 14/2018 de 20/11/2018.

CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 20/11/2018, Acta nº 14/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

## 2 APROBACIÓN ACTA Nº 15 DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 13 DE DECEMBRO DE 2018

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 15/2018 de 13/12/2018.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 13/12/2018, Acta nº 15/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

## 3 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/11/2018 ata o 30/11/2018, que comprenden os números 954/2018 ao 1035/2018, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 21 da Sesión ordinaria do día 12/11/2018

CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

- Acta nº 22 da Sesión ordinaria do día 26/11/2018

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

**4 ADHESIÓN ao CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS"**

Este convenio ten por obxecto instrumentar a colaboración dos concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, a través unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira

En aras as facultades concede a lexislación vixente visto o informe de secretaria de 17 de decembro de 2018 propoño o pleno unha vez sexa ditaminado pola comisión informativa de Deportes e Patrimonio histórico , cultura, xuventude educación e normalización a adopción do seguinte proposta de acordo :

PRIMEIRO

Manifestar a vontade de adhesión ao **CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS"**

SEGUNDO

Nomear representantes no Consello de Dirección do concello de Rianxo a Don Adolfo Muíños Sánchez e Xusto Xosé Ordoñez Figueira

TERCEIRO

Remitir copia do presente acordo a Deputación da Coruña ao Servizo de Promoción Económica Turismo e Emprego ,Sección de promoción e desevolvemento turístico .

CUARTO

Facultar ao alcalde para realizar e asinar as xestións necesarias para dita cooperación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a



CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

## DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A INFORMES DE INTERVENCIÓN E OUTROS DO EXERCICIO 2017

Sométese a ratificación a urxencia da proposta de dación de conta resultando ratificada por unanimidade dos 13 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

De acordo co artigo 218.1 do texto refundido da Lei das facendas locais, que establece que o órgano interventor elevará un informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas contrarias aos reparos e que debe constituír un punto independente na orde do día da sesión plenaria, dáselle conta ao Pleno do informe da Intervención emitido o 26/12/2018:

"**1. LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
- Resolución do 10 de xullo de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 30 de xuño de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados polos interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa

**2. INFORME**

O artigo 218 TRLFL establece o seguinte:

> *"1. O órgano interventor elevará un informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O dito informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.*
>
> *O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.*
>
> *O presidente da corporación poderá presentar no Pleno un informe xustificativo da súa actuación.*
>
> *2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o presidente da entidade local poderá elevar*

CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

*a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira."*

O cumprimento do requirimento realizouse o 30/04/2018 con rexistro de entrada telemático o núm. TELE2018460.

Este é o meu informe, do que doulle traslado á Alcaldía para a súa elevación ao Pleno.

## ANEXO 1. RELACIÓN DE RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A INFORMES DESFAVORABLES DE INTERVENCIÓN

| Núm. Expte. | Data do reparo | Data do acordo | Importe | Fase do gasto reparado | Órgano que resolve a discrepancia | Causa do reparo | Modalidade de gasto | Tipo de Expediente |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2017/G003 /000052 | 23/01/17 | 23/01/17 | 242.00 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de subvenciones e axudas públicas | Subvenciones de concesión directa |
| 2017/G003 /000092 | 21/02/17 | 22/02/17 | 1,076.01 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Gratificacións |
| 2017/G003 /000103 | 01/03/17 | 01/03/17 | 2,994.75 | Pago | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | | |
| 2017/G003 /000176 | 09/03/17 | 10/03/17 | 47,009.83 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /000185 | 20/03/17 | 20/03/17 | 582.65 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Gratificacións |
| 2017/G003 /000206 | 15/03/17 | 15/03/17 | 41,113.17 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | Contrato de servizos |
| 2017/G003 /000237 | 22/03/17 | 30/03/17 | 68,309.61 | Recoñecemento de obrigas | Pleno | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /000262 | 28/03/17 | 28/03/17 | 3,118.43 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /000276 | 03/04/17 | 04/04/17 | 150.00 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de subvenciones e axudas públicas | Subvenciones de concesión directa |
| 2017/G003 /000281 | 06/04/17 | 06/04/17 | 662.48 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites | Expedientes de contratación | Contrato de servizos |



CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | esenciais | | |
| 2017/G003 /000298 | 19/04/17 | 28/04/17 | 16,574.96 | Compromiso | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Contratación de persoal |
| 2017/G003 /000316 | 18/04/17 | 19/04/17 | 31,356.47 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /000321 | 26/04/17 | 26/04/17 | 291.03 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Gratificacións |
| 2017/G003 /000447 | 15/05/17 | 15/05/17 | 24,093.73 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /000453 | 19/05/17 | 19/05/17 | 17,051.48 | Compromiso | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Contratación de persoal |
| 2017/G003 /000460 | 19/05/17 | 19/05/17 | 28,314.00 | Outras | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | | |
| 2017/G003 /000467 | 22/05/17 | 23/05/17 | 309.05 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Gastos derivados doutros procedementos | Outros |
| 2017/G003 /000472 | 25/05/17 | 24/05/17 | 114,199.78 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | Contrato de subministracións |
| 2017/G003 /000501 | 31/05/17 | 31/05/17 | 21,718.44 | Compromiso | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | Contrato de servizos |
| 2017/G003 /000508 | 31/05/17 | 31/05/17 | 8,560.24 | Outras | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | | |
| 2017/G003 /000537 | 07/06/17 | 07/06/17 | 1,660.52 | Outras | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | | |
| 2017/G003 /000538 | 08/06/17 | 08/06/17 | 179.88 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de subvencions e axudas públicas | Subvencions de concesión directa |
| 2017/G003 /000550 | 08/06/17 | 08/06/17 | 9,505.69 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /000581 | 28/06/17 | 29/06/17 | 1,414.83 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites | Gastos de persoal | Retribucións básicas |

CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | esenciais | | |
| 2017/G003/000605 | 23/06/17 | 23/06/17 | 153,681.26 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003/000606 | 23/06/17 | 23/06/17 | 284.35 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | Contrato de servizos |
| 2017/G003/000642 | 30/06/17 | 30/06/17 | 37.95 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Determinados procedementos de execución do orzamento de gastos | Anticipos de caixa fixa |
| 2017/G003/000718 | 01/08/17 | 01/08/17 | 17,702.24 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | Contrato de servizos |
| 2017/G003/000726 | 27/07/17 | 27/07/17 | 27,765.08 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003/000741 | 31/07/17 | 01/08/17 | 17.10 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Determinados procedementos de execución do orzamento de gastos | Pagos a xustificar |
| 2017/G003/000782 | 12/08/17 | 12/08/17 | 52,125.15 | Outras | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | | |
| 2017/G003/000886 | 25/09/17 | 26/09/17 | 6,000.00 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Gratificacións |
| 2017/G003/000922 | 25/09/17 | 25/09/17 | 2,658.54 | Outras | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | | |
| 2017/G003/000939 | 10/10/17 | 11/10/17 | 3,480.70 | Compromiso | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Contratación de persoal |
| 2017/G003/000947 | 02/10/17 | 02/10/17 | 11,990.37 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003/000985 | 10/10/17 | 10/10/17 | 1,600.00 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Determinados procedementos de execución do orzamento de gastos | Pagos a xustificar |
| 2017/G003/001000 | 13/10/17 | 13/10/17 | 863.50 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | Contrato de servizos |
| 2017/G003 | 21/12/17 | 21/12/17 | 5,631.91 | Recoñecemento | Presidente | Outras causas | Gastos de persoal | Gratificacións |

CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| /001015 | | | | de obrigas | | distintas de las anteriores, | | |
| 2017/G003 /001027 | 19/10/17 | 19/10/17 | 562.50 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores,En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Gastos derivados doutros procedementos | Convenios de colaboración |
| 2017/G003 /001053 | 26/10/17 | 26/10/17 | 1,852.52 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | Contrato de obras |
| 2017/G003 /001169 | 27/11/17 | 18/12/17 | 4,460.25 | Compromiso | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Contratación de persoal |
| 2017/G003 /001181 | 01/12/17 | 01/12/17 | 2,257.83 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001206 | 20/12/17 | 22/12/17 | 1,073.35 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Gratificacións |
| 2017/G003 /001219 | 13/12/17 | 13/12/17 | 53,475.15 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001228 | 14/12/17 | 14/12/17 | 68,385.92 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001229 | 14/12/17 | 14/12/17 | 15,409.58 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Expedientes de contratación | Contrato de servizos |
| 2017/G003 /001230 | 14/12/17 | 14/12/17 | 1,143.38 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001236 | 18/12/17 | 18/12/17 | 689.65 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001238 | 18/12/17 | 18/12/17 | 316.75 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de subvenciones e axudas públicas | Subvenciones de concesión directa |
| 2017/G003 /001256 | 21/12/17 | 21/12/17 | 78,404.32 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |



CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2017/G003 /001258 | 21/12/17 | 21/12/17 | 619.02 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001273 | 26/12/17 | 26/12/17 | 186,824.74 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | Contrato de servizos |
| 2017/G003 /001278 | 26/12/17 | 26/12/17 | 1,500.00 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciais | Expedientes de subvencions e axudas públicas | Subvenciones de concesión directa |
| 2017/G003 /001280 | 26/12/17 | 26/12/17 | 79,429.32 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001284 | 26/12/17 | 28/12/17 | 1,750.00 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Expedientes de subvencions e axudas públicas | Subvenciones de concesión directa |
| 2017/G003 /001301 | 28/12/17 | 29/12/17 | 94,672.84 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001308 | 29/12/17 | 29/12/17 | 93,793.29 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001309 | 29/12/17 | 29/12/17 | 127,774.89 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/G003 /001315 | 29/12/17 | 29/12/17 | 305.70 | Recoñecemento de obrigas | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Expedientes de subvencions e axudas públicas | Subvenciones de concesión directa |
| 2017/G006 /000279 | 12/02/20 18 | 21/08/17 | 94,227.68 | Recoñecemento de obrigas | Pleno | Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o axeitado | Expedientes de contratación | |
| 2017/X999 /000077 | 05/05/17 | 10/05/17 | 0.00 | Outras | Presidente | Outras causas distintas de las anteriores, | Gastos de persoal | Contratación de persoal |

## ANEXO 2. RELACIÓN DE EXPEDIENTES SEN FISCALIZACIÓN PREVIA

| **Entidade que formaliza el reparo** | **Exercicio** | **Número de Expediente** | **Data do acordo** | **Causa do reparo** |
|---|---|---|---|---|
| Concello Rianxo | 2017 | 2017/G003/000688 | 28/07/2017 | Outras causas distintas de las anteriores |
| **Modalidade de Gasto** | **Tipo de Expediente** | **Importe** | **Aplicación orzamentaria** | |

CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Gastos de persoal | Contratación de persoal | 95,775.58 | "171.13100/02/03/16000<br>9203.13100/02/03/16000<br>1722.13100/02/03/16000<br>130.13100/03/16000" | |
| | | | | |
| Concello Rianxo | 2017 | 2017/G003/000745 | 02/08/2017 | Outras causas distintas de las anteriores |
| **Modalidade de Gasto** | **Tipo de Expediente** | **Importe** | **Aplicación orzamentaria** | |
| Gastos de persoal | Outros | 0.00 | "9203.13100<br>9203.13102<br>9203.13103<br>9203.16000" | |
| | | | | |
| Concello Rianxo | 2017 | 2017/G003/000810 | 30/08/2017 | Outras causas distintas de las anteriores |
| **Modalidade de Gasto** | **Tipo de Expediente** | **Importe** | **Aplicación orzamentaria** | |
| Gastos de persoal | Gratificacións | 15,664.02 | "33X.13101<br>341.13101<br>341.15100<br>931.13101<br>1722.13101<br>241.13101<br>9203.13101<br>" | |
| | | | | |
| Concello Rianxo | 2017 | 2017/G003/001244 | 19/12/2017 | Cando se base na insuficiencia do crédito ou o proposto non sexa axeitado |
| **Modalidade de Gasto** | **Tipo de Expediente** | **Importe** | **Aplicación orzamentaria** | |
| Gastos derivados de outros procedementos | Outros | 1,470.00 | 912.48900 | |
| | | | | |
| Concello Rianxo | 2017 | 2017/X998/000014 | 05/01/2017 | Cando se base na insuficiencia do crédito ou o proposto non sexa axeitado |
| **Modalidade de Gasto** | **Tipo de Expediente** | **Importe** | **Aplicación orzamentaria** | |
| Expedientes de subvencións e axudas públicas | Subvencions de concorrencia competitiva | 1,050.00 | 4311.48900 | |

“

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.



CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

## APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017

Sométese a ratificación a urxencia da proposta resultando ratificada por unanimidade dos 13 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O expediente da Conta Xeral do Concello de Rianxo de 2017 xa consta elaborado, de acordo coas normas incluídas na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

O documento someteuse a ditame da Comisión Especial de Contas, para poder iniciar o período de exposición pública, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 212 do texto refundido da Lei das facendas locais.

O período de exposición pública iniciouse o 11/12/2018, día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP núm. 234 do 10/12/2018. O período de información pública, de 8 días hábiles por aplicarse a tramitación de urxencia, finalizou o 20/12/2018. O período para a presentación de alegacións, 4 días adicionais, finalizou o 27/12/2018.

A secretaria accidental emitiu un certificado de que non se presentou ningunha alegación á Conta Xeral, polo que o trámite seguinte é o da súa aprobación plenaria segundo o artigo 212.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, co fin de remitila ao órganos de control externo.

Esta Alcaldía **PROPÓN AO PLENO**

PRIMEIRO

Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO

Unha vez aprobada, remitirlla ao Consello de Contas para a súa fiscalización, de acordo cos artigos 212 e 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

TERCEIRO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para proseguir cos trámites de remisión do documento ao Consello e ao Tribunal de Contas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG) cero votos en contra e seis abstencións (dos 3 membros do grupo PP, 4 membros do grupo PSOE e 1 membros de Rianxo en Común) dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A ATENCIÓN PRIMARIA NA SANIDADE**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 13 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista, desexa someter á consideración do Pleno esta Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis preto.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento de persoas enfermas crónicas supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría existentes dificulta a posibilidade de incorporar especialistas necesarios ao sistema de saúde. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e se enquistará no sistema.

A atención sanitaria vese minorada no caso dunha baixa ou vacacións dalgún profesional, pois se limitan en exceso as substitucións e o resto de profesionais deben asumir a carga de traballo total, acumulándose as esperas e os atrasos. Nestes momentos estase a dar no centro de saúde de Rianxo o caso de que hai varios médicos de baixa e non todos foron substituídos por outro/a profesional. Como consecuencia disto, solo se dispón de poucas citas ó día para os do cupo do médico que está de baixa. Esta situación ven sendo alertada polos profesionais e usuarios, sen que dende o SERGAS se ofreza unha solución satisfactoria.

CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista de Rianxo propoñemos, para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Garantir a correcta atención no Concello de Rianxo mediante a contratación necesaria de substitutos facultativos de medicina xeral, de atención pediátrica e de e de matrona para poder manter o número de profesionais activos no centro de saúde segundo está planificado.

2. Acordar co Goberno de España que facilite e axilice os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coas seguintes emendas:

1. Garantir a correcta atención no Concello de Rianxo mediante a contratación necesaria de substitutos facultativos de medicina xeral, de atención pediátrica e de e de matrona para poder manter o número de profesionais activos no centro de saúde segundo está planificado, e de ser o caso que se contrate persoal de outras comunidades autónomas.

2. Acordar co Goberno de España que facilite e axilice os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.

3º Instar ao SERGAS para ampliar ó horario da ambulancia no Concello de Rianxo, para prestar atención ás 24:00 horas do día.

## 5 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000016 e identificado pola pegada dixital:

**-372678527**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX**



CVD: CWdKwC5UgCbj3L2qwpsx
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.